



## **PRECIOSO DERBI ENTRE AMIGOS**

Partido correspondente a penúltima xornada da Liga AFACO de fútbol - 8 na categoría de biberóns, disputado na tarde do pasado martes no campo de herba artificial de A Pedreira en Mugardos ante numeroso público.

Mugardos, 12 de maio de 2015.

**G. MUGARDOS:** Samu, Cristian, Juan, Lucas, Tomás, Yerai, Miguel, Xoan, Iago, Mario e Dani.

*Adestrador:* Adán López Rey.

*Delegado:* David Montero.

**NUMANCIA:** Mario, Lucas Varela, Carlos, Manu, Lucas Espiñeira, Arturo, Adrián Vidal, Dani, Iker, Jorge, Larraitz, Navas e Marquitos.

*Adestrador:* Marcos Amor Roel.

*Delegado:* Daniel Cartelle Fernández.

**CRÓNICA:**

A penúltima xornada da Liga Biberón agasallounos cun fermoso derbi entre Galicia de Mugardos e Numancia nun campo de A Pedreira con boa asistencia de aficionados e unha óptima climatoloxía. Os nenos de ambos equipos amosaron todo o aprendido durante esta temporada e poidemos ver boas xogadas tanto colectivas como individuais nos dous equipos. Notouse o traballo de todos, maiores e pequenos. Porque no esforzo e a constancia está o premio, non sendo outro que sumar o aprendizaxe a xa de por si diversión dos nenos nesta categoría de iniciación ao fútbol como é a de biberóns.

Houbo fotografías conxuntas dos dous equipos (como ten que ser) e tamén fotografías dos xogadores do Numancia cos seus pais nunha bonita imaxe dun grupo amplo e unido ata o final. ¡¡¡Noraboa a tod@s!!!

Agora, queda agardar ao venres 29 de maio, día no que se xogará a última xornada sendo esta de forma íntegra nunha sede que se coñecerá a próxima semana. Un día que será bonito para nenos e pais xa que ademais de xogar o último partido da temporada, algúns dos nenos recibirán tamén a súa medalla no mundo do fútbol.

Desfrutade dunha magnífica galería fotográfica do G. Mugardos - Numancia por cortesía de

Rafa Feal (¡¡¡que gran fichaxe¡¡¡)

NINGUNA MEDALLA VALE LA SALUD DE UN NIÑO

¡¡¡AUPA NUMANCIA¡¡¡